




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Arco Bergantiñán. Sector: Costa de Caión. Concello: A Coruña. Parroquia: San Pedro de Visma. Extensión: 2,48 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Corredor tectónico de orientación NO – SE , que parte da Cala de Bens e separa os montes de Cortigueiro e Nostián. Fortes pendentes nas ladeiras destas elevacións e suavidade topográfica no interior.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A especie principal é unha granodiorita precoz que ocupa as partes baixas da unidade, aínda que nas elevacións de Monte de Bens e Nostián aflora un leucogranito. No extremo SE acumúlanse sedimentos detríticos cuaternarios.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

A cunca de Bens inclúese dentro do dominio climático Cálido e Subhúmido: recibe unha precipitación acumulada ao longo do ano entre 1000 mm e 1200 mm. A temperatura media sitúase por riba de 14° C e a amplitude térmica oscila entre 12,5° e 13,5° C.

OS SOLOS

Toda a parte central e cóncava da unidade presenta hoxe en día antroposoles pola presenza dun polígono industrial, lugar onde antes aparecían gleisoles e cambisoles dístrico-úmbricos. As ladeiras, sen tal ocupación, só desenvolven regosoles, sen aptitude agrícola.

AS AUGAS

Unidade que desauga na Cala de Bens sobre a masa de Augas Costeiras 20170. Configura unha pequena cunca sen rede fluvial significativa e cun val principal de orixe tectónica sobre o que se asentan o núcleo de Bens e a refinaría.

O PATRIMONIO NATURAL

Área moi transformada, sen patrimonio natural que salientar. Os sedimentos areentos e de coios na fronte costeira permitirían a existencia do hábitat 1210, vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Ao igual que nas unidades lindeiras, neste terreo boa parte da superficie está cuberta por vexetación costeira de matogueira, xa que tradicionalmente non soportou usos nin agrícolas nin de explotación forestal nas ladeiras dos montes. Existen certas masas illadas de bosque de repoboación, pero sen unha función específica de explotación comercial. O uso que predomina no contorno, non obstante, é o industrial, xa que boa parte do terreo está ocupado pola refinaría de petróleo.

MORFOLOXÍA

Antigamente, cando esta unidade era un fértil val encaixado entre os montes Cortigueiro e dos Castelos, o núcleo de Bens, a media ladeira na vertente norte e a uns 50 metros sobre o nivel do mar, articulaba o territorio e organizaba a estrutura agrícola. Na actualidade, a implantación da refinaría e a interrupción completa das actividades agrícolas e produtivas paralizou o crecemento de Bens, ata o punto de que o núcleo se mantén practicamente igual que hai cincuenta anos, sen experimentar crecemento ningún. Outros asentamentos tradicionais, como o de Mazaido ou Comeanda, seguiron a mesma evolución e experimentaron só pequenos crecementos en base a un débil casarío disperso.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada C-3002 dá acceso ao núcleo de Bens dende a estrada de Arteixo (límite sueste da unidade), facendo de límite oriental das instalacións da refinaría. A partir de Bens, unha estrada secundaria bifúrcase na cala de Bens, xerando dúas estradas próximas á costa que se dirixen cara ao norte (Costa de San Pedro) e o sueste (Costa de Nostián). No núcleo de Mazaido, da C-3002 nace a estrada C-3003, que comunica con San Pedro de Visma pola ladeira sur do Monte Cortigueiro.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Nesta unidade non existe ningún elemento de patrimonio histórico catalogado.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Esta unidade, dominada pola presenza da refinaría de petróleo, forma parte do complexo metropolitano da Coruña no que, xunto coas demais unidades que forman o extremo oriental do agregado urbano, cumpren un papel industrial e de servizo, moi condicionado pola topografía e a exposición aos ventos atlánticos. Trátase do "lombo" funcional da cidade, que se verá consolidado coa construción do porto exterior de Punta Langosteira. Os antigos núcleos tradicionais de Bens, Comeanda e Mazaído perderon a súa natureza e quedan inmersos nun mundo de transición entre a potente implantación da refinaría e as ladeiras do Monte Cortigueiro e Pena Moa, que comparten características coa unidade ladeira de Costa de San Pedro, se ben neste caso ao tratarse de ladeiras máis protexidas da acción do mar presentan unha maior superficie de áreas arborizadas.

DINÁMICA DA PAISAXE

A unidade de Costa de Bens caracterizábase noutro tempo por abranquar fértiles terras que ao longo do fondo do val acompañaban o arroio de Bens ata a súa desembocadura xunto á Punta do Burro. Ao igual que tantos outros territorios agrícolas, o núcleo de referencia situábase a media ladeira orientado ao sur, a aquela cota a partir da cal deixaba de pagar a pena seguir traballando a terra e o monte se dedicaba a usos forestais. En 1962 comezouse a construción da refinaría petrolífera. A totalidade das terras de cultivo pasaron a ser soporte da actividade industrial.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Esta paisaxe caracterízase pola enorme capacidade expresiva que ten a refinaría de petróleo, encaixada no fondo dun val e custodiada por abraiante macizos graníticos. Numerosos cilindros xigantes de cor verde, branca ou amarela xeran un gran plano horizontal que se contrapón á forte verticalidade que introducen as chemineas de combustión. Outros elementos extraordinarios, como as grandes piscinas de decantación, os insólitos depósitos esféricos ou a densa rede de tubaxes que serpea pola superficie contribúen a construír a singular personalidade deste contorno, que se volve case un espellismo cando é iluminada cada noite por un exército relucente de lámpadas de cores.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS










A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









 Chairas intermareais / Llanuras intermareais	 Matogueiras / Matorrales
 Marismas / Marismas	 Cultivos e prados / Cultivos y prados
 Praias / Playas	 Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero
 Dunas / Dunas	 Viñedos / Viñedos
 Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros	 Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico
 Cantis / Acantilados	 Forestal de repoboación / Forestal de repoblación
 Vexetación costeira / Vegetación costera	 Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas
 Bosques autóctonos / Bosques autóctonos	 Outras masas de auga / Otras masas de agua
 Bosques de ribeira / Bosques de ribera	 Canteira / Cantera
 Bosques mixtos / Bosques mixtos	 Artificial / Artificial
 Bosques de recolonización / Bosques de recolonización	
 Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo	

Asentamentos / Asentamientos

 Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
 Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
 Asentamento funcional / Asentamiento funcional
 Agregado urbano / Agregado urbano
 Nova agrupación / Nueva agrupación
 Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

 Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
 Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
 Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
 Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
 Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
 Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
 Puntos de observación / Puntos de observación
 Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

Toponimia interior / Toponimia interior
Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral
Praia / Playa
Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
Toponimia de costa / Toponimia de costa
Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

 0 m	 -20 m	 -100 m	 -500 m	 -2000 m
 -10 m	 -50 m	 -200 m	 -1000 m	 -3000 m












Espazos de interese / Espacios de interés

 Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
 Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
 Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
 Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

 Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
 Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
 Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
 Zona portuaria / Zona portuaria
 Ferrocarril / Ferrocarril
 AVE / AVE
 Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
 Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
 Outras estradas / Otras carreteras
 Pistas e camiños / Pistas y caminos
 EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



